Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 05/04/2021 18:12:42

Ramón Fernández Alfonzo na data 05/04/2021 18:12:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreira Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 1 do mes de febreiro produciuse un caso COVID no Punto de Atención á Infancia de Sober. Istou motivou unha concatenación de feitos que levaron ás familias a sentirse absolutamente desprotexidas, xa que foron elas as que lideraron o cumprimento das medidas protocolarias para impedir a expansión do virus.

Ante as indicacións contraditorias, a ausencia de comunicación de resultados negativos provocou a incertidume das familias e fixo que foran elas as que, chamando a tódalas portas posibles, fixeran o seu propio seguimento, e as correccións oportunas polos erros na aplicación dos protocolos.

Deste xeito, o 13 de febreiro cursaron queixa á Valedora do Pobo (que admitiu o asunto a trámite) e á Dirección Xeral de Saúde Pública (que non contestaron a día de hoxe) pola falta de información, erros nos protocolos establecidos, falta de seguimento dos casos e falta de resposta da Administración ante o que rematou converténdose nun gromo COVID.

Todo isto sería inexplicable aínda sendo un caso illado, pero desgrazadamente soa familiar e recorrente a descoordinación no seguimento dos casos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O SERGAS está enviando resultados de PCR a persoas que non a fixeron, cambios de dirección nos protocolos, demasiadas persoas chamando aos positivos repetitivamente, "protocolos" que non repiten PCR aos casos negativos, outros que si a repiten, consideración dos casos negativos como casos illados do gromo, etc.

Así e todo, o máis grave é a desconsideración coa que as distintas administracións trataron a estas familias, comezando polo Concello de Sober e rematando pola ausencia de resposta de Saúde Pública e pasando por que hoxe en día o centro segue sen figurar entre os centros que tiveron gromos de COVID.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Considera o Goberno galego que estas familias contaron co apoio necesario tanto sanitario como institucional?

Santiago de Compostela, 6 de abril de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Montserrat Prado Cores

Iria Carreira Pazos

Olalla Rodil Fernández

Deputadas do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 06/04/2021 10:00:53

María Montserrat Prado Cores na data 06/04/2021 10:00:59

Iria Carreira Pazos na data 06/04/2021 10:01:05

Olalla Rodil Fernández na data 06/04/2021 10:01:15



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Dende o inicio da pandemia, en relación tanto aos contaxios e á súa distribución como sobre os criterios sobre a toma de decisións, o goberno da Xunta de Galicia ten amosado posicións variables e alterables sobre a vontade de ofrecer datos. Todas elas evidenciaron, en termo xeral, a tentativa de reducir a información feita pública, como así manifestou o propio presidente da Xunta de Galicia sobre os datos por concellos sinalándoos como “perigosos”.

En todo caso, o avance da situación foi modulando esta cuestión por parte do goberno de Galicia, que tivo que abrir certa parte de información sobre a pandemia, aínda que non excesiva e con eivas e notorias deficiencias (positivos fronte a casos activos, demoras, etc.).

No caso da vacinación a situación resulta parecida, pois os datos ofrecidos non son todos os posibles para a poboación xeral, e non son plenamente abertos para consulta e descarga, como tampouco son coñecidos os motivos da non vacinación (rexeitamento, contraindicación...) e non é sinxelo coñecerlos por franxas temporais. A existencia de ferramentas informáticas e de xestión de datos de suficiente potencia son aportes para poder construír espazos de consulta, que permitisen un maior dinamismo e maior claridade nos datos. Isto tamén facilitaría a comprensión cidadá sobre a situación, e faría máis permeable a interacción entre cidadanía e as institucións, importantísima nesta situación actual. Existen comunidades autónomas que teñen tomado este camiño, como Asturias, que comparte toda esta información a través dun portal moi activo e actualizado, que é moi visitado e utilizado pola cidadanía, medios de comunicación e investigadores/as que contribúen á mellora do coñecemento e das posibilidades de loita contra a pandemia.



Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o goberno da Xunta de Galicia mantén un sistema de información limitado e circunscrito a un tipo de datos concretos sen optar por sistemas máis dinámicos e amplos?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2021 12:59:21

Marina Ortega Otero na data 06/04/2021 12:59:28



Á Mesa do Parlamento

Julio Torrado Quintela e Marina Ortega Otero, deputado e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O proceso de vacinación é un dos grandes desafíos do sistema sanitario galego que, dentro dun proxecto no conxunto de España e Europa, está afrontando a realidade de combater a pandemia sanitaria a través da intervención da ciencia. Os sistemas sanitarios públicos están traballando a reo para garantir o proceso de vacinación nas condicións plenas de accesibilidade e gratuidade para toda a cidadanía, o que pon a proba todo o funcionamento político e institucional para ofrecer os mecanismos e instrumentos para o correcto desenvolvemento técnico deste proceso.

Dentro destas circunstancias, os problemas derivados das conductas das empresas farmacéuticas, así como as dúbidas xurdidas entre parte da poboación europea con motivo da interrupción da vacina de Astrazéneca, suxiren a necesidade de fortalecer a vinculación entre cidadanía e o procedemento. Os datos oficiais evidencian que a cidadanía vén amosando un alto grado de confianza nas vacinas, a pesares de todo, mais apúntanse en diversos estudos que a medida que se os grupos obxectivo vaian descendendo en idade e sexan máis xeralistas, este grado pode diminuír. Aínda sendo moi amplo, é importante fortalecer os labores pedagóxicos e de esforzo colectivo en convencer dunhas bondades e vantaxes da vacinación, que os datos están dotando dunha robustez incontestable.

Superando mecanismos ou recursos non desexables nin recomendables como a obrigatoriedade da vacina, que rexeitan case todos os países e a inmensa maioría do persoal científico, hai outros procedementos que poden resultar útiles como campañas masivas de información das bondades da vacinación, a través dos medios de comunicación, da promoción de actos públicos e da vinculación de persoeiros coñecidos que contribúan a difundir a mensaxe. Estes procesos están amplamente contrastados como efectivos ante situacións semellantes nas que é importante transmitir mensaxes de confirmación e confianza entre a poboación.

A pesares desta eficacia coñecida e contrastada, e de estar ante o un proceso tan relevante e fundamental como a vacinación contra a Covid, non é coñecido ningún esforzo extraordinario por parte do Goberno de Galicia na difusión e



validación da vacinación, e a confianza no proceso desenvolvido polas institucións.

Por todo o exposto, o deputado e a deputada que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que o Goberno de Galicia non ten sido máis ambicioso na promoción da vacinación contra a Covid dada a importancia do proceso e a relevancia evidente que ten?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2021

Asdo.: Julio Torrado Quintela

Marina Ortega Otero

Deputado e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Julio Torrado Quintela na data 06/04/2021 13:04:27

Marina Ortega Otero na data 06/04/2021 13:04:34



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

As centrais sindicais vén de denunciar a privatización da tramitación, por parte da Consellería do Medio Rural, de solicitudes de cortas de aproveitamentos madeireiros e leñosos de uso doméstico para deixala en mans dunha empresa privada, coa conseguinte perda do servizo público para as persoas administradas.

O recente anuncio por parte da Consellería do Medio Rural da tramitación dos permisos aproveitamentos de uso doméstico a través do teléfono 012, que ademais é un teléfono de pago con custe, é unha clara privatización do servizo.

Coa entrada en vigor do Decreto 73/2020, do 24 de abril, polo que se regulan os aproveitamentos madeireiros e leñosos, de cortiza, de pastos, micolóxicos e de resinas en montes ou terreos forestais de xestión privada na Comunidade Autónoma de Galicia establécese a obrigatoriedade de que todas as solicitudes de aproveitamentos madeireiros sexan telemáticas e incide nunha poboación rural cada vez máis avellentada e desaproveita as necesarias oficinas agrarias comarcais e tamén o persoal dos distritos forestais da Consellería de Medio Rural.

Ademais co agravante de que o teléfono do Centro de Información Xunta de Galicia, 012, é un teléfono de pago e que está saturado, posto que é o encargado de tramitar varios servizos da Xunta de Galicia como son demanda de emprego; medidas derivadas da Covid-19; permiso de queimas, agro, gandería, cortas de madeira, avisos de vespa velutina; información turística, vivenda, reclamacións eléctricas; dependencia, discapacidade, Servizo Quérote; demandas de emprego, listas contratación, procesos selectivos; incidencias telemáticas, cita no rexistro ou danos de lobo, danos de xabaril...E sofre fallos con consecuencias directas para as persoas usuarias que poden ver perigar a súa axuda ou ser sancionados/as.

Circunstancia que non acontece cando os trámites os realizaban persoas empregadas públicas tanto dos distritos forestais coma nas oficinas agrarias dependentes da Consellería de Medio Rural.



Unha imposición que incumpre as garantías da propia Lei de Administración Dixital de Galicia que requiría un estudo previo da competencia dixital da poboación a que se dirixía a medida.

A Xunta de Galicia a tenor do establecido no artigo 77 da Lei 4/2019 de Administración Dixital de Galicia deberá crear, no ámbito do sector público autonómico, o rexistro do persoal funcionario público habilitado, onde constará o persoal funcionario habilitado para a expedición de copia auténticas e a realización da identificación e sinatura electrónicas das persoas interesadas que non dispoñan dos medios electrónicos necesarios.

E no artigo 12.2 e 12.3 do mesmo texto legal sinalase que:

12.2. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia impulsarán as medidas para eliminar todas as dificultades de relación dixital por razón de xénero. Así mesmo, prestarán especial atención os factores que podan agravar as dificultades da relación dixital, en particular a idade, a localización no medio rural ou a situación de precariedade económica ou de exclusión social.

12.3. A Administración xeral e as entidades instrumentais do sector público autonómico de Galicia promoverán programas dirixidos a fomentar a autonomía dixital dos colectivos en risco de exclusión dixital.

A estes efectos, considéranse colectivos en risco de exclusión dixital aqueles que polas súas circunstancias educativas, sociais, culturais ou económicas carezan da posibilidade de acceder aos servizos electrónicos do sector público autonómico en condicións de igualdade cos restantes colectivos.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai o Goberno galego da privatización, por parte da Consellería do Medio Rural, de solicitudes de cortas de uso doméstico para deixala en mans dunha empresa privada, coa conseguinte perda do servizo público para as persoas administradas?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/04/2021 17:32:21

Martín Seco García na data 06/04/2021 17:32:29



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

Galicia conta hoxe con 3.326 montes coa consideración de monte veciñal en man común, que ocupan unha superficie total de 663.488,96 hectáreas, o que fai unha media de 219,48 hectáreas por este tipo de propiedade colectiva tan común en Galicia, estendéndose por 248 dos 316 concellos de Galicia e ocupando un 25 % do territorio galego aproximadamente.

Os montes veciñais son unha forma de copropiedade xermánica, que contan cunha regulación específica, que prevé que os montes veciñais son bens indivisibles, inalienables, imprescriptibles e enembargables, dada a súa especial natureza colectiva.

A través dela xéranse importantes beneficios para o territorio dende o punto de vista social, económico e ambiental, coa súa correspondente revalorización, pero tamén como xerador de emprego, podéndose facer a través de empresas de economía local.

Estas comunidades xestionan a segunda fase do ciclo produtivo, o que supón unha transformación dos recursos dispoñibles nestes territorios e o aproveitamento forestal dos mesmos. Cabe destacar, os seguintes usos e vantaxes do monte veciñal, aproveitamentos forestais e de recursos naturais, aproveitamento gandeiro, produción e potenciación das zonas recreativas e de sendeirismo entre outras, como tamén outros usos tan frecuentes na actualidade como son os das enerxías renovables (eólicas, biomasas..).

As comunidades de montes se ocupan da administración e usos dos montes co obxectivo de manter e conservar a súa diversidade, produtividade e capacidade, mediante un aproveitamento responsable e sostible, dende un punto de vista ecolóxico, social e cultural, sempre refrendado pola aprobación destes usos pola Asemblea xeral de comuneiros.

A pesares do antedito a Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia no seu artigo 53 .1 lexisla sobre a concorrencia de utilidade ou interese públicos con montes



veciñais en man común, afectou a estas entidades no caso que un proxecto de instalación enerxética afectase aos montes veciñais en man común.

Con esta lei pérdense dereitos recollidos polas comunidades en canto se declara que un proxecto de utilidade pública pode acabar en expropiación, perdendo o dereito de prevalencia do monte común, que lle outorgaba unha certa protección, ante posibles accións contra estes espazos comunales.

Advirten os sindicatos agrarios e asociacións de persoas propietarias o que pode acontecer é que non se estudará cada caso e se fose preciso, realizaríase un acto de expropiación neses terreos aludindo a un interese “*público*”.

Por exemplo, esta lei podería favorecer a instalación de aerogeneradores eólicos, saltando o acto de prevalencia do monte e da comunidade que o aproveita.

Segundo o Decreto 260/1992 polo que se aproba o regulamento da Lei 13/1989, no seu artigo 53 establece a figura da concesión temporal dos terreos. Así existen concesións por 30 anos para edificacións e de 10 para usos agrarios, por exemplo e sempre coa comunidade reunida en asemblea. En ambos casos pódese renegociar ou prorrogar o período temporal. O problema viría, dunha perda da “memoria histórica” dos dereitos comunais sobre os terreos. Isto é, unha concesión por 30 anos ou de 50 si se chegan a aplicar a determinados aproveitamentos (mineiras por exemplo) podería ser un período en que ninguén reclame como monte común o terreo en concesión, por tanto, a concesionaria podería manobrar para quedar coa propiedade do monte.

Con esta normativa, o monte en común encara un futuro incerto logo de case mil anos de pervivencia.

As diferentes modificacións legais sobre esta figura fan sospeitar a persoas vinculadas a movementos de protección do MVMC, sobre o desexo de intereses privados para acaparar estes terreos que na actualidade están cualificados como de especial protección forestal. Coa peculiaridade que aqueles terreos que antes eran improdutivos, onde os montes non se podían cultivar ou plantar árbores por culpa do vento, agora son rendibles precisamente pola forza eólica. A perda destes montes sería tamén a perda dunha pegada importante da historia de Galicia e da súa economía segundo sindicatos agrarios, expertos en aproveitamento forestal e gandeiro e movementos ambientalistas.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que valoración fai a Consellería de Medio Rural sobre a aprobación da Lei 9/2021, do 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio a reactivación económica de Galicia, concretamente do seu artigo 53 e as consecuencias que vai ter sobre os Montes Veciñais en Man Común?

Pazo do Parlamento, 5 de abril do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 06/04/2021 17:29:14

Martín Seco García na data 06/04/2021 17:29:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Ramón Fernández Alfonzo e Daniel Pérez López, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o grao de execución do Plan de banda larga de Galiza 2020 no concello de Viveiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Un ano despois de que o grupo do BNG en Viveiro levase a problemática da fenda dixital no rural viveirense, primeiro, ao Pleno municipal e, máis tarde, ao Parlamento galego, para demandarlle, por un lado, ao Goberno Municipal información sobre o grao de despregue da Banda Larga no concello e as actuacións previstas nas zonas con deficiencias de cobertura e con dificultades de acceso á internet a través da banda larga e, por outro lado, para reclamarlle ao goberno da Xunta a inclusión do concello de Viveiro no Plan de Banda Larga de Galiza 2020, seguimos esperando que o goberno municipal do PSOE e o goberno de Feijóo tomen nota desta problemática que penaliza e discrimina a moitas familias e empresas viveirenses asentadas en parroquias do rural que carecen de acceso a unha internet de calidade ao estar dentro das chamadas “zonas de sombra” que impiden unha boa cobertura, mesmo para falar por teléfono.

Desde o BNG seguimos a recibir numerosas queixas de veciñas, veciños e empresas de Viveiro sobre a mala cobertura telefónica existente en moitos núcleos rurais das parroquias do concello, tales coma Valcarría, Chavín, San Andrés, Covas, Magazos, entre outras, así como a falta de acceso á internet con banda larga.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Temos coñecemento de que 50 núcleos rurais do concello, de 132 clasificados como “zonas brancas NGA”, amén doutras vivendas illadas que nin tan sequera aparecen clasificadas, non foron incluídos en ningún proxecto empresarial subvencionado polo Programa de Extensión de Banda Larga de Nova Xeración 2020 do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital. Zonas estas que tampouco foron incluídas, no seu día, na terceira liña de subvencións do Plan de Banda Larga 2020 convocada pola Xunta de Galiza (Programa de subvencións para a extensión de redes de banda larga ultrarrápida en Entidades singulares de poboación para o período 2018-2020) e que a día de hoxe tampouco nos consta que haxa unha previsión a curto prazo de incluílas, como ámbitos subvencionados, nalgunha outra liña de axudas do goberno de Feijóo.

Por outra banda, recibimos tamén queixas e consultas da veciñanza residente nalgún dos 82 núcleos incluídos no proxecto empresarial de ADAMO TELECOM IBERIA,S.A subvencionado polo Programa de Extensión de Banda Larga de Nova Xeración 2020 do goberno do Estado, ao respecto da falta de información sobre o plan de traballo da empresa nestes núcleos rurais e o ámbito temporal de realización das obras detalladas no proxecto aprobado polo Ministerio.

Resulta evidente que as veciñas e veciños de Viveiro dos 50 núcleos excluídos do despregue de banda Larga están en risco de sufrir a exclusión social ao non poder acceder á información, á educación, ao teletraballo e/ou aos servizos que presta a economía dixital e mesmo se atopan incongruentemente ante a imposibilidade de poder facer uso, ao non contar co soporte tecnolóxico necesario, da administración electrónica e servizos sociais e sanitarios a través da vía telemática como a Teleasistencia, telemedicina etc., á que nos están a obrigar as propias administracións públicas e mesmo a banca privada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Está claro pois que nin o goberno da Xunta nin o goberno municipal de Viveiro cumpriu cos seus deberes, como máximos responsables que son dunha administración pública, e que non son outros que garantir os dereitos e a igualdade de oportunidades da nosa veciñanza, con independencia do lugar onde vivan, asegurando o acceso á banda larga de internet e a unha boa cobertura de telefonía móbil, máxime cando a UE vén de aprobar cuantiosos fondos FEDER, tanto ao Estado español como a Galiza para que estes dotasen de conectividade ao 100% da poboación, marcando como horizonte e punto de inflexión o ano 2020.

É necesario e urxente e así, unha vez máis, o BNG demanda do goberno galego unha solución definitiva, desde as administracións públicas, para dotar de conexión á internet con banda larga ás zonas do rural do noso concello e “reducir a fenda dixital existente entre a nosa veciñanza por motivos de residencia para poder así ofrecerlles mellores servizos e dotalas de ferramentas tecnolóxicas que ademais vai contribuír a xerar oportunidades de novos negocios e a facer máis competitivo o sector agrogandeiro e forestal dos concellos galegos, como Viveiro, atraendo así á mocidade cara o seu asentamento no rural e facendo ao mesmo tempo fronte á grave problemática que teñen os concellos para xerar emprego local, por un lado, e, por outro, o problema de envellecemento e despoamento das parroquias rurais galegas.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que controis e/ou comprobacións está a facer a Xunta sobre a efectiva execución das obras e adecuación aos proxectos empresariais aprobados ás operadoras adxudicatarias dos Plans de banda larga de Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 06 de abril de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**
Ramón Fernández Alfonso
Daniel Pérez López
Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 06/04/2021 18:16:52

Ramón Fernández Alfonso na data 06/04/2021 18:16:58

Daniel Pérez López na data 06/04/2021 18:17:08





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa comunitaria obrigaba a una converxencia interna mínima no período 2014-2020. Sen embargo o Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do FEADER e do FEAGA nos anos 2021 e 2022, non obriga a que nestes anos continúe o proceso de converxencia interna.

Malia isto, o Ministerio de Agricultura decidiu dar novos pasos no proceso de converxencia interna no Estado español. Unha decisión que mais unha vez pode castigar á agricultura galega historicamente prexudicada pola distribución de axudas directas no Estado. Con todo non hai informes, nin por parte da administración central nin por parte da Xunta, que cuantifiquen o impacto desta decisión.

Por outra parte, á espera da aprobación dos regulamentos definitivos sobre a reforma da PAC, todo indica que a converxencia interna vai continuar no próximo período. A isto pódese sumar unha redución do número de rexións PAC no Estado Español.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe unha incerteza xeneralizada a respecto do futuro e de como esta converxencia interna pode afectar ás distintas CCAA e tamén aos distintos sectores produtivos.

E por suposto, que saibamos o goberno galego non está entre aqueles que teñan avaliado e publicado informe de cal sería a afectación para as explotacións do noso país, nin a respecto da futura PAC como a respecto da aceleración producida neste período de transición.

Descoñecemos así mesmo que número de rexións presenta a Consellería de Medio Rural nas súas reunións co Ministerio, nin que fixo a Xunta para ralentizar ou eliminar esta converxencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que estimacións de perdas ou ganancias para a agricultura e gandeiría galegas ten a Xunta de Galiza ante a actual aceleración da converxencia das rexións de pago básico da PAC nos anos 2021 e 2022?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2021

Asdo.: Carmen Aira Díaz

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 07/04/2021 10:25:27

María González Albert na data 07/04/2021 10:25:33

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/04/2021 10:25:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A normativa comunitaria obrigaba a una converxencia interna mínima no período 2014-2020. Sen embargo o Regulamento (UE) 2020/2220 do Parlamento Europeo e do Consello, polo que se establecen determinadas disposicións transitorias para a axuda do FEADER e do FEAGA nos anos 2021 e 2022, non obriga a que nestes anos continúe o proceso de converxencia interna.

Malia isto, o Ministerio de Agricultura decidiu dar novos pasos no proceso de converxencia interna no Estado español. Unha decisión que mais unha vez pode castigar á agricultura galega historicamente prexudicada pola distribución de axudas directas no Estado. Con todo non hai informes, nin por parte da administración central nin por parte da Xunta, que cuantifiquen o impacto desta decisión.

Por outra parte, á espera da aprobación dos regulamentos definitivos sobre a reforma da PAC, todo indica que a converxencia interna vai continuar no próximo período. A isto pódese sumar unha redución do número de rexións PAC no Estado Español.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Existe unha incerteza xeneralizada a respecto do futuro e de como esta converxencia interna pode afectar ás distintas CCAA e tamén aos distintos sectores produtivos.

E por suposto, que saibamos o goberno galego non está entre aqueles que teñan avaliado e publicado informe de cal sería a afectación para as explotacións do noso país, nin a respecto da futura PAC como a respecto da aceleración producida neste período de transición.

Descoñecemos así mesmo que número de rexións presenta a Consellería de Medio Rural nas súas reunións co Ministerio, nin que fixo a Xunta para ralentizar ou eliminar esta converxencia.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que estimacións de perdas ou ganancias para a agricultura e gandeiría galegas ten a Xunta de Galiza ante a eventual continuidade da converxencia interna no período 2021-2022?

Santiago de Compostela, 7 de abril de 2021

Asdo.: Carmen Aira Díaz

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 07/04/2021 10:28:04

María González Albert na data 07/04/2021 10:28:09

Xosé Luis Rivas Cruz na data 07/04/2021 10:28:21



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta, Martín Seco García, Marina Ortega Otero e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

En data 4 de decembro, eramos coñecedores da firma dun convenio entre a Consellería de Medio Rural e Deputación Provincial de Ourense que favorecería a nove municipios.

Na presentación do mesmo participaron o conselleiro de Medio Rural, o presidente da Deputación Provincial de Ourense, a directora da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural e os alcaldes de Avión, Boborás, A Teixeira, San Xoán de Río, Trasmiras, Viana do Bolo, Oímbra, Esgos e Lobeira.

Os convenios de colaboración tiñan como finalidade financiar a adquisición, por parte dos municipios, de maquinaria forestal para a limpeza de vías rurais e faixas de biomasa para previr incendios e conta cunha inversión total de 900.000 euros.

Segundo o acordo, a Deputación Provincial de Ourense e a Xunta de Galicia, financiarán a compra de maquinaria polos concellos -tractores e desbrozadoras- cunha inversión aportada ao 50 % polas dúas administracións.

O obxectivo sinalaban en incentivar e fomentar o mantemento e limpeza de maleza nas infraestruturas rurais de titularidade municipal nas masas comúns de concentracións parcelarias de cada concello, así como a xestión de biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión nos terreos de titularidade municipal ou descoñecida.

Nese reparto eran beneficiados nove concellos de Ourense, gobernados todos eles polo Partido Popular.

De novo, vemos un reparto das mesmas características publicado en data 6 de abril de 2021, mediante Orde do 22 de marzo de 2021, pola que se acorda a cesión en propiedade de tractores, rozadoiras de brazo e trituradoras suspendidas traseiras a varios concellos gobernados case todos eles polo PP.



A orde baséase na Lei reguladora das bases de réxime local (LRBRL), competencias en materia de conservación de camiños e vías rurais e prevención e extinción de incendios. E na Lei 3/2007, do 9 de abril, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galicia, establece as distancias mínimas de roza e as zonas de seguridade respecto de casas illadas e núcleos de poboación e redes primarias (infraestruturas lineais de prevención e defensa) de faixas de xestión da biomasa e de seguridade libres de maleza. As redes secundarias de faixas de xestión de biomasa teñen un ámbito municipal e posúen a función prioritaria de protección dos núcleos de poboación, as infraestruturas, os equipamentos sociais, as zonas edificadas, os parques e os polígonos industriais.

Sinala a Orde que nos concellos de menos de 10.000 habitantes supón case o 65 % do total e a correspondente proporción é moi superior nas vías interurbanas que nas urbanas. A conservación das estradas e camiños en Galicia necesita dunha importante cantidade de recursos e de grandes esforzos. A conservación en bo estado e libre de maleza das c netas e das marxes dos camiños e estradas é un elemento de vital importancia para manter o bo estado dos firmes e a seguridade na circulación sobre eles e para a prevención de incendios.

O mantemento en bo estado e libre de maleza das masas comúns das zonas de concentración/reestruturación parcelaria é unha obriga legal para o titular da masa común, neste caso as de propiedade municipal.

E para tal fin e para que poidan ter recursos para exercer as competencias previstas consonte o artigo 331.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, a Consellería do Medio Rural tramita o expediente de cesión, de conformidade co disposto nos artigos 82 a 87 da Lei 5/2011, do 30 de setembro, do patrimonio da Comunidade Autónoma de Galicia, onde se regula a cesión gratuíta de bens e dereitos.

E polo antedito acórdase ceder en propiedade os tractores, rozadoiras de brazo e trituradoras suspendidas traseiras que se sinalan a continuación co fin de seren destinados aos labores de limpeza e mantemento dos camiños e estradas de titularidade municipal, así como aos labores de xestión da biomasa nas redes secundarias de faixas de xestión de biomasa de ámbito municipal aos seguintes concellos: Lousame, Ordes, Padrón, O Páramo, As Nogais, Pantón, Monterrei, Rairiz de Veiga, Toén, Moncomidade intermunicipal voluntaria do Ribeiro, Mancomidade Voluntaria concellos comarca de Ourense, Arbo e Moraña.



Vista a discriminación que sofren os concellos que non son gobernados polo Partido Popular e en relación o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Que criterios obxectivos se empregaron pola Consellería de Medio Rural, para a asignación aos concellos que figuran na Orde do 22 de marzo de 2021, da cesión en propiedade de maquinaria para limpeza e mantemento de camiños e estradas de titularidade municipal?

Pazo do Parlamento, 6 de abril do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta
Martín Seco García
Marina Ortega Otero
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/04/2021 10:33:11

Martín Seco García na data 07/04/2021 10:33:20

Marina Ortega Otero na data 07/04/2021 10:33:35

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/04/2021 10:33:45



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O Instituto Galego de Promoción Económica (IGAPE) é a axencia, adscrita á Consellería de Economía, Empresa e Innovación para o desenvolvemento económico de Galicia que ten a misión de apoiar as actividades que contribúan a mellorar o sistema produtivo galego, facilitando os procesos de creación, consolidación e crecemento empresarial e tendo entre os seus obxectivos facilitar a internacionalización das empresas galegas.

Dentro do Plan estratéxico de Galicia 2015-2020 atópase a Estratexia de Internacionalización da Empresa Galega 2020 que establece cinco eixos de actuación e dous obxectivos: que en 2020 a participación das exportacións no PIB acade o 40% e incrementar en máis dun 25% o número de empresas exportadoras, ata chegar ás 8.000 empresas, obxectivos que non parece que se teñan acadado segundo os últimos datos publicados.

Se analizamos a evolución das exportacións galegas nos últimos anos, segundo os estudos publicados polo Consello Económico e Social de Galicia, o Foro Económico de Galicia e os Informes de Comercio Exterior do Instituto Galego de Estatística, pois vemos que seguen caracterizándose por unha baixa diversificación, concentrándose a maior parte en dúas empresas e cunha forte concentración cara o mercado europeo.

Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

O Goberno galego ten avaliado nos últimos anos os resultados obtidos polos programas de internacionalización desenvolvidos polo Igape?

Pazo do Parlamento, 7 de abril do 2021

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Juan Carlos Francisco Rivera

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 07/04/2021 16:35:48
Nº Rexistro: 13911
Data envío: 07/04/2021 16:35:48.820

Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 07/04/2021 16:29:28

Juan Carlos Francisco Rivera na data 07/04/2021 16:29:38

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tlf: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es



Á Mesa do Parlamento

Carmen Rodríguez Dacosta e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O xoves 1 de abril de 2021, converteuse nun xoves santo de lume en Galicia, debido as altas temperaturas e fortes ventos, tiveron consecuencias no monte galego, producíndose ao menos catro incendios de superficie superior ás 25 hectáreas.

O máis grave deles, segundo indican os medios de comunicación, comezou en Folgoso do Courel que se estendeu ao veciño concello de Samos, queimando ao redor de 300 hectáreas das cales 150 hectáreas son de arborado e 195,85 de monte raso, e obrigaba a Consellería a activar o índice de gravidade potencial 2 por perigo para as vivendas na parroquia de Gundriz.

Outros dous lumes de importante extensión declaráronse na provincia de Pontevedra, un deles en Cercedo-Cotobade e outro en Rodeiro. O primeiro calcinaba 52,5 hectáreas (49 de arborado e 3,5 de monte raso) e ameazaba o núcleo de Cuspedriños, coas llamas apenas a 300 metros das casas. O segundo producíase na parroquias de Pedroso e arrasou 126 hectáreas na parroquia de Pedroso (120 de monte raso e 6 de arborado).

O incendio de Folgoso do Courel, o segundo xa en so uns días, comezaba a medianoite. A Brigada de Refuerzos Forestales (BRIF) de Laza non puido chegar á zona cos medios aéreos segundo manifestaban debido ás malas condicións meteorolóxicas. No terreo traballaban dous axentes, cinco brigadas, catro motobombas e unha pala, segundo Medio Rural.

A medida preventiva por risco para as vivendas, no núcleo de Portela, ordenábase arredor das 6 da madrugada e estivo vixente ata ás doce horas, a superficie queimada ascendía a 300 hectáreas.

En relación ao de Cercedo - Cotobade, que comezaba a medianoite, e afectaba á parroquia de San Xurxo arrasaba a cifra de 52,5 hectáreas e puxo en perigo ás casas en Cuspedriños.



Ademais destes tres incendios, acontecía outro incendio en Marcelle, Monforte de Lemos. Queimando 38 hectáreas, das que 30 se correspondían cunha zona arborada e o resto, con monte raso. O despregamento anti incendios reportou un incidente cunha aeronave, que sufriu un reventón na roda cando se dispoñía a cargar auga na base de Doade. Por outra banda todo apunta a que o mesmo iniciouse por unha solicitude de queima que consecuencia das condicións climatolóxicas existente ese día adquiriu unhas importantes dimensións moi superiores ás solicitadas.

Convertíase o Xoves Santo na primeira xornada negra de incendios en Galicia, con cerca de 600 hectáreas calcinadas en catro grandes lumes.

E común que se produzan incendios forestais recorrentes nos ecosistemas de máis valor de Galicia e coma sempre os deberes sen facer, principio básico dun sistema de prevención e extinción de incendios forestais que ten que expandirse e contraerse en función das necesidades, principio que a Xunta de Galicia sempre esquece.

Temos que facer constar que a principios de ano Amigos da Terra solicitoulle a presidente do Consello Forestal de Galicia, e conselleiro de Medio Rural unha reunión para analizar os fallos do ano 2020 e elaborar un Pladiga 2021, e o conselleiro nin contestou nin sequera convocou ao Consello Forestal para tratar este asunto.

Ante a recente vaga de incendios, con máis de 600 hectáreas arrasadas en Semana Santa, moitas delas arboradas e en zonas especialmente sensibles como o ZEC (zona de espacial conservación) Ancares-Caurel, e con ameazas a bens e persoas téndose que declarar o índice de gravidade potencial 2 nalgúns casos, cabe preguntarse que está a facer neste intre a Xunta de Galicia e a Consellería do Medio Rural en particular, para evitar o que, á vista do que aconteceu estes últimos días, pode ser outro verán desastroso en incidencia e afección incendiaria.



Polo exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cantos foron os incendios producidas por queimas descontroladas durante o mes de marzo, e a primeira semana de abril de 2021?

Pazo do Parlamento, 7 de abril do 2021

Asdo.: Carmen Rodríguez Dacosta

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Rodríguez Dacosta na data 07/04/2021 16:32:51

Martín Seco García na data 07/04/2021 16:32:59



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral en Pleno**.

O conselleiro de Cultura, Román Rodríguez, e o alcalde de Lalín, Xosé Crespo, inauguraban o 10 de xaneiro de 2010 en Lalín unha mostra sobre o período arxentino de Maruja Mallo e Luís Seoane. Titulada *Creacións máxicas de medidas exactas, Maruja Mallo e Luis Seoane en Bos Aires (1936-1965)* e comisariada por Antón Castro, a exposición foi organizada polo Concello de Lalín co apoio da Xunta de Galicia, tal e como informaba aos medios de comunicación a propia consellaría ese mesmo día.

A mostra, que permaneceu aberta ata mediados de marzo, estaba composta por unha escolma de 43 obras descoñecidas ata o momento, 17 de Maruxa Mallo e 26 de Luis Seoane, que xa no momento do seu anuncio eran obxecto de crítica a respecto da súa autenticidade.

No caso da artista viveirense, dous meses despois de inaugurar a mostra, os expertos encargados pola familia Mallo de catalogar a súa obra remitiron unha carta á Real Academia Galega de Belas Artes advertindo de que non existía referencia algunha a esas pezas e de que os elementos pictóricos dos cadros son “incoherentes” e “carecen da súa esixente técnica e rigorosa maneira de pintar”. A misiva viña referendada colexiadamente polo comité científico do *Catálogo Razonado de Óleos*.

No caso de Seoane, a propia Fundación cuestionou no mes de xuño nun informe que o artista pintase 18 das 26 obras a el atribuídas e expostas en Lalín. Dende a sinatura dos lenzos ata os traslados entre formatos ou cuestións máis técnicas referidas ao estilo do artista son postos en cuestión nese detallado estudo no que concluíu: “Se puidésemos acreditar a autoría de Luís Seoane, estaríamos ante unha boa nova, ao poder descartar a hipótese dun movemento de obras falsas, e veríámonos na obriga de abrir unha nova liña de investigación sobre unha maneira de facer que ata o de agora non estaba documentada. Mentres, o rigoroso sería como mínimo manter a distancia”. É importante subliñar que este informe



técnico deu lugar a outro legal que foi trasladado en novembro ao padroado da Fundación -do que, entre outros, forma parte o conselleiro de Cultura- e que fala dun posible delito de estafa na súa modalidade agravada.

Esas mesmas obras foran xa rexeitadas polo Museo de Belas Artes da Coruña e pola propia Fundación Luis Seoane en 2013 cando organizou a mostra *Luís Seoane nas coleccións privadas*.

Á vista dos informes de persoas expertas cuestionando a autenticidade dalgunhas obras de dúas das figuras máis consagradas da pintura galega do pasado século, a este grupo parlamentario sorpréndelle a actitude pasiva da Consellaría de Cultura, que proseguíu avalando e apoiando economicamente a mostra. Do mesmo xeito, sorprende que a Consellaría de Cultura financie proxectos artísticos se existen dúbidas acerca da súa validez ou autenticidade e sen ter realizado ningunha investigación ao respecto.

Por todo isto, a deputada e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Por que a Xunta de Galicia apoiou economicamente a exposición *Creacións máxicas de medidas exactas, Maruja Mallo e Luis Seoane en Bos Aires (1936-1965)* se existían dúbidas acerca da autenticidade da maior parte das obras?

Pazo do Parlamento, 7 de abril do 2021

Asdo.: Noa Díaz Varela
Luís Manuel Álvarez Martínez
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 07/04/2021 17:42:31

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 07/04/2021 17:42:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Alexandra Fernández Gómez, Luis Bará Torres e Paulo Ríos Santomé, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o novo Plan de Seguridade Viaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Seguridade Viaria de Galiza 2016-2020 rematou a súa vixencia no pasado ano 2020. Cando estamos en abril de 2021 non está aprobado o novo plan, o que pon de manifesto a falta de previsión e planificación da Consellaría de Infraestruturas e Mobilidade.

Por outra parte, na web da Consellaría consta o informe de seguimento de outubro de 2018, e non hai constancia de que estea realizado un estudo de avaliación do Plan 2016-2020. A última memoria anual publicada na web da Consellaría é a de Seguridade Viaria correspondente a 2019.

Con respecto aos últimos datos dispoñíbeis, correspondentes ao ano 2020, poñen de manifesto unha elevada cifra de sinistralidade e un alto número de vítimas mortais, malia a importante redución da mobilidade e da sinistralidade viaria por causa da pandemia da COVID 19.

Segundo se desprende da consulta do portal de contratos públicos de Galiza, está en tramitación o contrato de servizo para a redacción e seguimento do Plan de





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Seguridade viaria de Galiza 2021-2025, cun orzamento base de licitación de 143.270,05 euros e un prazo de execución de 27 meses.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que previsións ten o Goberno galego para a aprobación e entrada en vigor do novo Plan de Seguridade Viaria 2021-2025?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: **Alexandra Fernández Gómez**

Paulo Ríos Santomé

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2021 11:30:12

Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2021 11:30:16





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Bará Torres na data 08/04/2021 11:30:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Alexandra Fernández Gómez, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, relativa á continuidade da actividade de construción e reparación naval na concesión portuaria do estaleiro “San Enrique” de Vigo (antigo Vulcano).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O estaleiro Vulcano, no barrio de Teis da cidade de Vigo, constituía unha das principais unidades produtivas do sector naval vigués, desenvolvendo a súa actividade por espazo de cen anos, cunha notábel relevancia en termo de impacto socioeconómico, tanto en postos de traballo directos e indirectos como en mobilización de industria auxiliar metal. A sociedade mercantil que xestionaba o estaleiro iniciou un procedemento concursal no Xulgado do Mercantil que concluíu a inicios do presente 2021 coa extinción da mesma. No desenvolvemento do citado procedemento concursal transferiuse, tras ratificación da Audiencia Provincial de Pontevedra, a súa unidade produtiva a unha nova empresa, Marina Meridional, asumindo os seus activos entre os que se incluía a concesión portuaria adxudicada o 26 de xuño de 2009 a Vulcano e vixente ata o 15 de decembro de 2027, constituíndo o novo estaleiro "San Enrique" nas súas instalacións.

Mariña Meridional tomou posesión definitiva da titularidade do estaleiro e dos seus dereitos, iniciando ademais os traballos destinados á reactivación do estaleiro,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

efectuando contratación de persoal, realizando labores de mantemento e posta a punto das súas instalacións, e despregando un intenso labor de prospección comercial, tendo actualmente en estudo 37 propostas de traballo de construción e reparación naval por un total de 240 millóns de euros.

Durante todo o proceso de traspaso da unidade produtiva, a Autoridade Portuaria (AP) de Vigo, por decisión discrecional do seu presidente, Enrique López Veiga, e sen a anuencia do Consello de Administración, desenvolveu unha intensa ofensiva administrativa e legal, utilizando a Avogacía do Estado, co obxectivo de impedir a transferencia dos dereitos concesionais de Vulcano a Marina Meridional. É preciso sinalar, que eses dereitos son indispensábeis para o desenvolvemento da actividade do estaleiro, tanto polo acceso a lámina de auga como pola titularidade de dominio portuario de aproximadamente un 40% da superficie do mesmo. Diante das resolucións xudiciais negativas, tanto polo Xulgado do Mercantil, como da propia Audiencia Provincial, a Autoridade Portuaria de Vigo decide formular un conflito no Tribunal de Conflitos Xurisdicionais.

O citado Tribunal ditou, a data do 24 de marzo de 2021, a sentenza número 1/2021 en cuxo fallo determina estimar o conflito positivo xurisdiccional entre a Delegación do Goberno en Galiza e o Xulgado do Mercantil número 3 de Pontevedra, declarando que "corresponde á Administración a potestade para tramitar e resolver o expediente para declarar a extinción da concesión demanial no porto de Vigo outorgada pola Autoridade Portuaria de Vigo á entidade mercantil Factorías Vulcano S.A.". Non entanto, ese recoñecemento de potestade non dá por resolta a citada concesión, da que hoxe é titular, tras a adquisición da unidade produtiva, Marina Meridional, xa que a resolución deberá practicarse de acordo co procedemento previsto na normativa de aplicación e co acordo expreso do Consello de Administración da Autoridade Portuaria. Nese sentido, o propio presidente da Autoridade Portuaria de Vigo, Jesús Vázquez





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Almuiña, sinalou publicamente non descartar a posibilidade de que no caso de resolverse a concesión pódase arbitrar unha autorización temporal que permita a continuidade da actividade do hoxe denominado estaleiro "San Enrique", até a resolución dun eventual novo concurso de concesión.

Con todo, as manifestacións públicas do anterior presidente da AP de Vigo, Enrique López Veiga, nas que afirmaba que destinar a concesión a "un novo estaleiro" non lle parece "o máis adecuado", mentres que o "uso loxístico" sería "o máis sensato", verifican que, tal e como denunciou desde un inicio o Bloque Nacionalista Galego, a ofensiva administrativa e xudicial emprendida pola AP para resolver a concesión de Vulcano estaba motivada no obxectivo de finiquitar a actividade de construción e reparación naval e destinala a outros usos, singularmente, os referidos a loxística de contedores. A este respecto, resultan tamén moi preocupantes as declaracións do Sr. Vázquez Almuiña nas que admite que unha futura nova concesión poida destinarse a usos distintos que os actuais. Este extremo suporía un duro golpe para a industria naval viguesa e empresas auxiliares, e conta co rexeitamento frontal tanto de organizacións sindicais, empresariais como da maioría das forzas políticas na cidade de Vigo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego para asegurar a continuidade da actividade naval e do emprego no estaleiro "San Enrique" de Vigo (antigo Vulcano)?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Carme González Iglesias

Alexandra Fernández Gómez

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 08/04/2021 12:16:56

Alexandra Fernández Gómez na data 08/04/2021 12:16:59

Ramón Fernández Alfonso na data 08/04/2021 12:17:07

Daniel Pérez López na data 08/04/2021 12:17:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños, María González Albert e Mercedes Queixas Zas, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre as medidas para a conservación do patrimonio cultural inmaterial na rehabilitación do Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Actualmente estanse a executar as obras de rehabilitación arquitectónica do antigo Pazo Episcopal, hoxe Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense, adxudicado á empresa COPASA, en virtude de acordo de 6 de xuño de 2019 por un importe de 9.209.310 €, IVE incluído.

Dende o BNG puidemos comprobar como na execución das referidas obras de rehabilitación destruíuse (por mor da inopinada “limpeza” dun muro) un “Taboeiro de Muíño” labrado en tempo inmemorial nunha das pedras do edificio do Museo Arqueolóxico.

O taboeiro de muíño é un elemento esencial dun xogo tradicional do noso patrimonio lúdico que puidera ter a súa orixe nun pasamento dos canteiros durante a construción da Catedral de Ourense. Un deses taboeiros figuraba (falamos en pasado toda vez que foi eliminado polas obras de “rehabilitación”) nunha das pedras do edificio do Museo Arqueolóxico, existindo outros exemplares no interior da propia Catedral de Ourense.





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O xogo do muíño, alcumado por Alfonso X como “alquerque de 9”, fica recollido no seu manuscrito do século XIII denominado Libro de Xogos. Xa que logo trátase dun importante elemento do noso patrimonio cultura inmaterial, asociados aos usos sociais, festivos e lúdicos da poboación e por iso merecente de conservación e protección, segundo mesmo a Unesco.

Este novo episodio de desleixo na execución das obras públicas, neste caso esnaquizando un elemento do noso patrimonio cultural a protexer na propia intervención pública, ven ser outra nova manifestación -ben elocuente e significativa- da nula preocupación pola conservación e coidando das expresións culturais e históricas da Galiza en xeral, e de Ourense en particular.

Como é ben coñecido Ourense é unha das cidades e provincias máis importantes de toda Europa en patrimonio histórico, etnográfico e cultural (no caso de que esta última non inclúa ás precedentes) e por estas razóns, e tamén por motivos turísticos e económicos, para que as anteriores non foran abondo, cumpre estremar as accións para a súa conservación, rehabilitación e posta en valor, máxime nun momento no que todas as manifestacións culturas, mesmo as máis tradicionais e con maior arrigo social, están sendo de constantes agresións por a principal institución local de Ourense.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que actuacións ten previsto emprender a Xunta de Galiza diante da destrución de patrimonio cultural na execución das obras de rehabilitación do museo arqueolóxico de Ourense?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Noa Presas Bergantiños

María González Albert

Mercedes Queixas Zas

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 08/04/2021 12:52:31

Noa Presas Bergantiños na data 08/04/2021 12:52:36

María González Albert na data 08/04/2021 12:52:44

Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2021 12:52:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Paulo Ríos Santomé e Manuel Lourenzo Sobral, deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A remodelación do transporte público auspiciada polo Goberno galego trouxo, entre outras, afeccións a usuarios/as do que antes era só transporte escolar e agora é tamén transporte integrado.

Na chamada Comarca da Montaña da Coruña que abrangue, entre outros, os concellos de Vilasantar, Sobrado dos Monxes e Curtis, hai alumnas/os de ensino obrigatorio afectados/as pola supresión das súas paradas en outubro de 2020, logo da reforma feita no transporte de viaxeiros que afecta ao transporte escolar no concello de Curtis.

En concreto trátase de cinco alumnos e alumnas do CEIP de Teixeiro (Curtis) que eran recollidas nas súas paradas habituais e que as viron modificadas afectándoos negativamente.

No seu momento foron enviados os respectivos informes desde o colexio ao servizo de inspección educativa e de aí á Mobilidade da Xunta de Galiza sen que ata o momento se resolvese nada. A problemática está aí, presente e causando molestias e vulnerando dereitos básicos da poboación escolar .





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que explicación lle dá o Goberno galego ás anomalías e vulneracións de dereitos ocasionados polo novo transporte integrado nun sector do alumnado rural do ensino público obrigatorio que foron formuladas polos pais e nais, centros educativos e servizo de inspección educativa?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Paulo Ríos Santomé

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 08/04/2021 13:20:47

Paulo Ríos Santomé na data 08/04/2021 13:20:50

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/04/2021 13:20:56





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Iria Carreira Pazos e Montserrat Prado Cores, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre os proxectos enviados pola Consellaría de Política Social ao Goberno español para optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Após anunciar publicamente algúns dos proxectos que a Consellaría de Política Social remitiu ao Ministerio de Dereitos Sociais e Axenda 2030 as propostas coas que o Goberno galego quere optar aos fondos europeos Next Generation nesta materia.

Desde o Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego solicitamos, ao abeiro do artigo 9, copia deses proxectos e recibimos por resposta unha táboa na que apenas se enuncian. Entre eles a construción residencia de persoas maiores segundo novo modelo asistencial nunha zona con escasos recursos desa tipoloxía, o proxecto piloto ‘Programa de coidados porta a porta’ ou o proxecto centro de día itinerante.

Alén de non explicar nin detallar en que consisten estas propostas ou cantos recursos económicos prevé mobilizar a Xunta de Galiza para os financiar, algúns sorprenden como o proxecto piloto ‘Programa de coidados porta a porta’ pois o nome é practicamente idéntico ao programa que o Goberno galego desenvolve desde hai anos, ora ben, con escaso despregamento territorial.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde o Bloque Nacionalista Galego vimos denunciando de maneira reiterada a falta de transparencia e o escurantismo co que a Xunta de Galiza está a levar a cabo o proceso de deseño das propostas galegas aos Next Generation. Falta de transparencia que non atinxe só ao Parlamento (que xa é grave) senón ao conxunto da cidadanía galega.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Cre o Goberno galego que, nunha área tan sensíbel como os dereitos sociais, é suficiente a proposta presentada ao Goberno español para optar aos fondos do Plan de recuperación, transformación e resiliencia?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Iria Carreira Pazos

Montserrat Prado Cores

Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 08/04/2021 16:09:40





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Iria Carreira Pazos na data 08/04/2021 16:09:43

María Montserrat Prado Cores na data 08/04/2021 16:09:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre o aval e colaboración económica da Xunta de Galiza a unha exposición de obra pictórica de Maruja Mallo e Luís Seoane.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Entre os meses de xaneiro e marzo de 2020 o Museo Municipal Ramón María Aller de Lalín acollía a exposición Creacións máxicas de medidas exactas. Maruja Mallo-Luís Seoane en Buenos Aires (1936-1965).

A exposición, comisariada por Antón Castro, anunciábase nos medios como un conxunto de 43 obras -25 de Seoane e 18 de Mallo-, desde debuxos e tintas a algunha acuarela e gouache, mais sobre todo óleos, conformada por pezas de coleccións particulares, reunidas por primeira vez e na súa maioría inéditas para o público, que permitía achegarse ao labor creativo de Maruja Mallo e Luís Seoane.

O propio comisario, Antón Castro, definía a exposición como unha “concisa e rigorosa selección de obras procedentes de coleccións privadas”, que buscaba “ilustrar a importancia do seu traballo durante o exilio arxentino” desde o fío condutor da muller, interpretada polos dous autores desde protagonismos plásticos e simbólicos diferentes.

O concello de Lalín anunciaba esta exposición como un fito histórico, unha proposta de relevancia e dimensión excepcional que xustificaba a súa rotación por





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

outras localidades galegas, e que servía para abrir o arranque do variado programa cultural paralelo á popular LII Feira do Cocido.

A Xunta de Galiza, a través da Consellería de Cultura, apoiou e avalou esta exposición, colaborando economicamente na súa organización e na edición do correspondente catálogo, prologado polo propio conselleiro.

Con todo, o que parecía ser unha exposición pioneira e un novo piar para ensanchar o recoñecemento galego e internacional da recoñecida mestría plástica de Luís Seoane e Maruja Mallo, tornouse nun confuso viso de sombras, pois na propia altura da exposición manifestáronse dúbidas sobre a veracidade da autoría das obras.

A Fundación Luís Seoane, depositaria do legado do autor, chegou a afirmar en prensa que unha parte dos traballos mostrados eran falsos. Unha afirmación reiterada colexiadamente polo comité científico do Catálogo Razoado de Óleos que está a investigar o legado de Maruja Mallo para a súa catalogación.

Deste xeito, semella concluírse, tal e como está a facerse público desde diferentes medios de comunicación, que esta exposición avalada e, en parte, custeada pola Xunta de Galiza, mostrou obras falsas de Luís Seoane e Maruja Mallo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Como valora a Xunta de Galiza o aval e a participación económica dados a unha exposición de obras de Maruja Mallo e Luís Seoane con obras falsas?

Santiago de Compostela, 5 de abril de 2021





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 08/04/2021 16:46:29

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 08/04/2021 16:46:32

Daniel Castro García na data 08/04/2021 16:46:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral en Pleno**, sobre a situación da factoría de REPSOL na Coruña.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O día 8 de abril a dirección de REPSOL comunicou á representación do persoal do centro de traballo da empresa na Coruña a súa intención de aplicar un ERTE por unha período de 6 meses. Unha medida inédita nesta factoría que afectaría a un total de 212 persoas.

A empresa REPSOL obtivo un resultado operativo de 600 millóns de euros no ano 2020 (o duplo do agardado por analistas), e reduciu débeda nun 28%, o que conduciu a unha suba da súa cotización en bolsa en canto se deron a coñecer os resultados, anunciados con optimismo e satisfacción polo seu conselleiro delegado, o Sr. Imaz, o 18 de febreiro.

Pouco despois desta presentación, o día 2 de marzo, o directivo de REPSOL foi recibido polo presidente Feijóo para, segundo reza a nota de prensa oficial, avaliar as posibilidades dos Fondos Next Generation e os seus efectos na economía e no emprego. Durante a reunión, e seguindo a mesma nota de prensa, o Sr. Imaz informou ao presidente Feijóo dos proxectos de REPSOL na Coruña.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O positivo dos resultados da empresa malia o contexto económico difícil, e o posterior anuncio de investimentos na Coruña durante a reunión co presidente Feijóo, fai que o ERTE anunciado pola empresa, como dicíamos, inédito non só en REPSOL Coruña senón nas empresas do sector de idénticas dimensións, resulte extremadamente preocupante para o propio persoal e para a sociedade en xeral, sementando de dúbidas a veracidade e solidez dos proxectos e outros anuncios corporativos e gubernativos, que son desmentidos de xeito tan radical ao pouco tempo de ser realizados.

Feitos que poderían dar unha outra visión dos motivos e contido real da entrevista entre Imaz e Feijóo, converténdoa nunha mera visita de cortesía para anunciarlle a tormenta que viña provocar.

Por outra banda, o centro de traballo de REPSOL Coruña conta con un cadro de persoal xa moi axustado para as necesidades operativas habituais, polo que resulta fora de lugar a posibilidade de suspender total ou parcialmente os contratos deste persoal reducindo aínda máis o número de horas efectivas de traballo.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta en Pleno:

Que actuacións ten previstas a Xunta de Galiza para evitar a aplicación do ERTE na factoría de REPSOL da Coruña?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonso**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López
Carme González Iglesias
Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Ramón Fernández Alfonzo na data 08/04/2021 17:22:53

Daniel Pérez López na data 08/04/2021 17:22:56

María do Carme González Iglesias na data 08/04/2021 17:23:04



Á Mesa do Parlamento

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Paloma Castro Rey e Pablo Arangüena Fernández, deputadas e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Pleno**.

O 8 de marzo de 2021 a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda publicou no Diario Oficial de Galicia a Orde do 5 de marzo de 2021 pola que se establecen as bases reguladoras e se convocan subvencións, en réxime de concorrencia non competitiva, destinadas á creación ou mellora de infraestruturas nos concellos de Galicia con poboación inferior a 20.000 habitantes, para o ano 2021, cun crédito orzamentario 2.303.664,34 €, distribuídos en dúas anualidades, 1.357.232,67€ para 2021 e 946.431,67€ para 2022, sendo a axuda económica subvencionable do 70 % do investimento subvencionable, co límite máximo de 67.760,00 € por concello (IVE incluído), ata o esgotamento do crédito.

Na propia exposición de motivos, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda manifesta que a finalidade destas axudas son *“humanizar as vilas galegas, atendendo á realidade sociodemográfica de cada unha delas, aplicando unha nova visión sobre as nosas urbes enfocada no futuro e nas persoas, para o que é preciso acometer actuacións orientadas a frear o despoboamento, potenciando as infraestruturas e servizos, en definitiva, mellorando o benestar e a calidade de vida da súa poboación”*.

Por todo o exposto, as deputadas e o deputado que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Pleno:

Cales son as razóns polas que a Xunta de Galicia fai esta convocatoria pública en réxime de concorrencia non competitiva?

Pazo do Parlamento, 8 de abril do 2021

Asdo.: Matilde Begoña Rodríguez Rumbo

Paloma Castro Rey

Pablo Arangüena Fernández

Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia





Asinado dixitalmente por:

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 08/04/2021 17:28:56

Paloma Castro Rey na data 08/04/2021 17:29:05

Pablo Arangüena Fernández na data 08/04/2021 17:29:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Ramón Fernández Alfonzo, Daniel Pérez López e Carme González Iglesias, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta para resposta oral en Pleno,** sobre a situación da empresa GABADI.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A empresa GABADI, da comarca de Ferrol, ven de pechar sen acordo o período de negociación dun ERE extintivo por causas produtivas e organizativas. Unha medida anunciada para 36 persoas dun total das 169 que actualmente traballan.

Trátase dunha empresa moi diversificada dentro do mercado da construción naval, quer do punto de vista das actividades que realiza, que van desde a soldadura á habilitación pasando pola andamaxe, quer do punto de vista dos clientes e dos mercados internacionais, xa que presta servizos, actualmente, en Dinamarca, Singapur, Canada, China, ou Qatar, ademais de para NAVANTIA na ría de Ferrol.

Durante a negociación do ERE producíronse feitos que desmenten a necesidade da execución dos despedimentos, como a realización desmesurada de horas extras ou a contratación de empresas externas para a prestación de servizos que habitualmente realiza o persoal propio, algunha, por certo vinculada coa propia GABADI, como por exemplo MONCINA. Outras das empresas subcontratadas foron GALICTIO, e MONMEGA.

A empresa alega que a causa principal da medida que propón é a perda de contratos en obra nova en Navantia, e propón como alternativa para os despedimentos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha serie de medidas que poden resumirse como a total desregulación das relacións laborais dentro da empresa, negándose a asumir as alternativas propostas pola parte social de redución temporal de contratos, máis coherente coa proposta e coas alegacións que se conteñen na memoria empresarial, o que deixa en evidencia o feito de os despedimentos tratarse dunha ameaza para conseguir o auténtico resultado perseguido, que como dicíamos non é outro que a desregulación das condicións de traballo.

Por todo isto formúlase a seguinte pregunta para resposta oral en Pleno:

Que medidas ten pensado executar a Xunta de Galiza para evitar o ERE da empresa GABADI?

Santiago de Compostela, 8 de abril de 2021

Asdo.: **Ramón Fernández Alfonzo**

Daniel Pérez López

Carme González Iglesias

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 08/04/2021 17:28:59





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María do Carme González Iglesias na data 08/04/2021 17:29:03

Ramón Fernández Alfonso na data 08/04/2021 17:29:10



Á Mesa do Parlamento

Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez, Paloma Castro Rey e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral en Pleno.

O Consello da Xunta de Galicia o 21 de febreiro de 2019 autorizou a licitación das obras para iniciar a 1ª fase de prolongación da Vía Ártabra ata a autoestrada AP-9, entre o enlace da N-VI e a estrada autonómica AC-221, San Pedro de Nós-Mabegondo, cun orzamento superior a 29,6 millóns de euros.

A referencia do Consello da Xunta de Galicia sinalaba que a licitación inclúe unha modificación do contrato para executar a segunda fase da obra de entronque coa AP-9 en canto o Ministerio de Fomento autorice esta conexión, cun investimento total de 35 millóns de euros. Remataba a nota do Consello indicando que a Vía Ártabra é unha vía estratéxica para a Xunta de Galicia definida no Plan sectorial da rede viaria da Coruña, Arteixo, Culleredo, Cambre e Oleiros, cuxos obxectivos son os de lograr a mellora das comunicacións na área da Coruña e articular unha vía transversal para facilitar os tráxicos de entrada á cidade a través da N-VI, AP-9 e A-6.

Débase lembrar que o dito Plan sectorial, aprobado en 2004, naceu coa premisa de ser algo máis que un plan de infraestruturas de rede viaria, por iso, define determinacións de política de intervención territorial que comprometen os documentos que desenvolvan o plan; entre estas determinacións destacan a potenciación da actividade comercial, o maior equilibrio territorial e cohesión social e a liberalización das peaxes e, por suposto, todo iso minimizando o impacto ambiental de conformidade coa normativa galega, española e europea.

Unha visión ampla das infraestruturas viarias de toda a contorna metropolitana da Coruña non se pode circunscribir á conexión da Vía Ártabra coa AP-9, incrementando a densidade de tráfico de saída e entrada á cidade pola avenida de Alfonso Molina, no canto de buscar alternativas a esta vía urbana saturada; ao tempo que unha verdadeira conexión dos concellos afectados, do conxunto de polígonos industriais do cinto metropolitano da Coruña e das instalacións portuarias esixe priorizar a conexión da Vía Ártabra coa A-6. Esta conexión debe ser a verdadeira circunvalación de toda a comarca, xunto coa propia A-6 e a terceira rolda, sen custos de peaxes. Levar o remate da Vía Ártabra á A-6 era e



segue a ser unha necesidade, coa AP-9 é unicamente unha opción parcial e cativa para todo o entorno metropolitano; iso si, incluso nos tres escenarios analizados polo Ministerio de Fomento a sociedade concesionaria Autopistas del Atlántico sería favorecida. Non obstante, o Plan MOVE 2009-2015 aínda en execución eliminou da súa programación económica para a Vía Ártabra o treito AP-9 – A-6 de 5,4 quilómetros, cando ademais existía un estudo de trazado ata a A-6 que se podería ter desenvolvido como proxecto construtivo. O Concello de Cambre ten achegado varios informes municipais aos centros directivos da Xunta de Galicia con competencia nesta materia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultural, Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, Axencia Galega de Infraestruturas, sen que a día de hoxe se teñan atendido as incidencias postas de manifesto nos ditos informes. O pasado 1 de agosto a Sociedade Galega de Historia Natural (SGHN) denunciou diante da Fiscalía de Medio Ambiente “O Trazado da Vía Ártabra entre o Polígono de Cambre e a Autovía A6 polo seu elevado impacto ambiental, non avaliado conforme á lexislación vixente, e as irregularidades na súa tramitación”.

Lamentable e incomprensiblemente, as obras da Vía Ártabra teñen arrasado xa parte da zona húmida da Gándara, que acolle catro especies en perigo de extinción e outras en estado de gran vulnerabilidade, ademais de funcionar como barreira contra posibles inundacións nunha extensa área, estar incluído na Reserva da Biosfera e figurar como hábitat prioritario na normativa europea e como ben de interese cultural no catálogo da Xunta desde 1994.

O 21 de decembro de 2020 a Axencia Galega de Infraestruturas publica un anuncio polo que se somete a trámite de información pública o proxecto de modificado número 1 da Vía Ártabra, que contén modificacións na fase I e amplía as súas determinacións á fase II, que está pendente da autorización de Fomento para a conexión coa AP9.

A lei 21/2013, de avaliación ambiental, determina, por aplicación do seu artigo 43 e da súa DT primeira, que a DIA da obra, que data do ano 2009, perda vixencia a partir dos 6 anos desde a entrada en vigor da lei, prazo que se cumpriu o 12 de decembro de 2019, establecendo a mesma disposición transitoria o efecto desa perda de vixencia: “el promotor deberá iniciar nuevamente el trámite de evaluación del impacto ambiental del proyecto conforme a lo establecido en esta ley”. Iso implica facer un estudo de alternativas, a correspondente comparativa entre elas, a elección da máis axeitada, a proposta de DIA e a redacción do proxecto baseándose na solución adoptada. A omisión deste trámite daría lugar á nulidade dos actos administrativos que se adoptasen a partir do 12 de decembro de 2019.



Por iso os deputados e a deputada que asinan preguntan:

Vai a Xunta de Galicia omitir conscientemente as determinacións da Lei 21/2013, que implican a perda de vixencia da DIA do proxecto e a necesidade de iniciar novamente o trámite de avaliación ambiental?

Pazo do Parlamento, 8 de abril de 2021

Asinado dixitalmente por:

Pablo Arangüena Fernández na data 08/04/2021 16:34:32

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/04/2021 16:34:51

Paloma Castro Rey na data 08/04/2021 16:35:04

Patricia Otero Rodríguez na data 08/04/2021 16:35:14





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

